

NOVIDADE EDITORIAL
MARZO 2017

alvarellos
EDITORIA


Un cara a cara paciente-médico, na nova novela de Ursula Heinze

Despois de publicar en 2015 unha crónica da súa experiencia como interna nun psiquiátrico, a veterana escritora aborda agora o mundo da depresión dende un ángulo ben diferente: o revelador diálogo entre unha paciente e o seu psiquiatra.

Santiago de Compostela, marzo 2017.- Sally McMahon é unha muller madura que padece unha fonda depresión. Para saír do pozo, decide buscar a axuda dun especialista. Visita a un xoven psiquiatra, en sesións mensuais, durante dous anos. Nelas, van aboiano os conflitos e problemas máis fondos da súa enfermidade e da súa vida: a vellez, a idea da morte, a sexualidade, a relación cos demais, a desilusión... E tamén o proveito, ou non, das propias citas médicas.

Despois de publicar *...e os domingos, un croissant. Diario dun encontro coa vida* (Alvarellos Editora, 2015), onde Ursula Heinze retratara o día a día dos internos dun sanatorio mental, agora, a prestixiosa escritora alemá afincada en Galicia regresa cun poderoso, valente e orixinal relato.

En *Pon un psiquiatra na túa vida... e xa verás*, a protagonista, Sally, fala a tumba aberta da súa propia depresión. A prosa camiña áxil e atraente, os diálogos médico-paciente son enormemente reveladores, e a carón deles afloran pensamentos fondos arredor das grandes dúbidas, contradicións e perigos desta tan estendida enfermidade. Nos momentos máis baixos, Sally só se conforta lembrando diante do doutor as viaxes que fixo por toda Europa nos seus anos dourados, cando era unha escritora recoñecida.



FICHA TÉCNICA - 177 pp. 14 x 21 cms
ISBN 978-84-16460-14-4 PVP: 16,00 €

Ursula Heinze de Lorenzo naceu en 1941 en Colonia (Alemaña). Licenciouse en Filoloxías Inglesa e Alemá na Universidade de Colonia. Formou parte do grupo universitario de teatro, estudou piano e canto. Reside e escribe desde 1968 en Santiago de Compostela. Foi catedrática de Ensino Medio en Alemaña e lectora de alemán na Universidade de Valladolid (1973-1977). É membro fundador do PEN Clube Galego e a súa presidenta entre 1991 e 1995. No ano 1993 organizou en Santiago de Compostela o 60 Congreso Mundial do PEN. Ata 2014 foi membro do Patronato Rosalía de Castro. É autora de numerosas obras: novelas, relatos, ensaios, literatura infantil e xuvenil, poesía en galego, e poesía e relatos en alemán. Traduciu obras de autores alemáns ó galego e ó castelán. En 2015 publica *...e os domingos, un croissant* (Alvarellos Editora), onde narra o seu internamento nun psiquiátrico.



• Para contactar coa editorial: prensa@alvarellos.info | 609 90 88 52 — 981 522 137